



Protocolo para a Prevención, Detección e Actuación fronte ao acoso laboral e sexual, a discriminación e o abuso sexual da Federación Galega de Pelota



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO





FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgapelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



Introdución

O acoso e o abuso sexual constitúen modalidades de violencia sexual que non só atentan contra a liberdade e/ou indemnidade sexual senón que tamén lesionan o dereito fundamental á "integridade física e moral" (Art. 15 C.E.) e constitúen un atentado contra a "dignidade e desenvolvemento da personalidade" que, xuntamente cos dereitos inviolables e o respecto á lei e aos dereitos dos demais, son o fundamento da orde política e da paz social" (Art. 10 C.E.)

Os acosos e abusos sexuais son experiencias traumáticas que repercuten negativamente no adecuado desenvolvemento da personalidade e no estado físico e psicolóxico dos que o padecen, especialmente se as vítimas son persoas menores de idade ou con discapacidade.

Os acosos e abusos sexuais non escapan do ámbito do deporte nin dos centros onde este se leva a cabo. Hai que ter en conta que as relacións entre os profesionais do mundo do deporte e as persoas que o practican son de carácter vertical, isto é, implican unha desigualdade baseada no maior poder e autoridade duns suxeitos sobre outros. Estas relacións asimétricas poden ser utilizadas de forma positiva, para establecer os límites, ensinar unha disciplina e respecto e dar seguridade ou, de forma negativa, utilizándoas para forzar a realización de condutas que implican un grave risco para o desenvolvemento da persoa, como son os maltratos e abusos. Débese tamén tomar en consideración a posibilidade de que se produzan situacións de acoso e abuso sexual entre os propios deportistas.

As condicións de convivencia entre os deportistas e o seu entorno levan consigo unhas peculiaridades que deben ser atendidas dun modo diferencial, en particular no deporte de alta competición, no que necesariamente se han de cumprir horarios intensivos de adestramento e de compartir numerosas estancias e concentracións, así como traslados e viaxes. Isto pode implicar a separación e afastamento do deportista do seu núcleo familiar e medio afectivo, circunstancias que poderían afectar ao seu desenvolvemento persoal, o cal esixe un especial coidado no caso da protección das persoas menores de idade.

Ante esta realidade, distintos organismos, de distintos ámbitos, foron recoñecendo a existencia do acoso e abuso no deporte:

En 1998, a II Conferencia Mundial sobre a Muller e o Deporte realizou a "*Chamada á Acción de Windhoek*", que consideraba a responsabilidade de todos os actores implicados no deporte de "asegurar un entorno seguro e de apoio para las muchachas y mujeres que participan en el deporte a todos los niveles, tomando medidas para eliminar todas las formas de acoso y abuso, violencia y explotación".

En 2007, o Comité Olímpico Internacional (COI) fixo pública unha Declaración de Consenso sobre o Acoso e o Abuso Sexual no deporte, na que afirmaba que "*el acoso y el abuso sexuales en el deporte no discriminan por motivos de edad, sexo, raza, orientación sexual o discapacidad. [...] tanto el acoso como el abuso sexuales se producen en cualquier deporte y a cualquier nivel, y parece ser que con mayor frecuencia en el deporte de élite. Los miembros del entorno del atleta que ocupan puestos de poder y autoridad suelen ser los principales autores, aunque los compañeros de los atletas también suelen identificarse como autores y normalmente son con más*



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgapelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



frecuencia personas del sexo masculino que del sexo femenino. [...] La investigación demuestra que el acoso y abuso sexuales en el deporte pueden afectar de forma grave y negativa a la salud física y psicológica del atleta, dando lugar a una reducción del rendimiento y provocando la marginación del atleta. La información clínica indica que las enfermedades psicósomáticas, la ansiedad, la depresión, el abuso de sustancias, las autolesiones y los suicidios son algunas de las graves consecuencias para la salud."

Cun carácter máis transversal, o Convenio do Consello de Europa para a protección dos nenos e nenas contra a explotación e o abuso sexual, feito en Lanzarote o 25 de outubro de 2007, ratificado por España en 2010 e de obrigado cumprimento polos Estados Parte, supón a adopción dun amplo conxunto de medidas que afectan tanto á definición legal dos delitos como a todo o relativo á prevención da violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes en todos os contextos e ámbitos, incluído, loxicamente, o deportivo. O presente Protocolo asume estes principios no seu ámbito de actuación.

No noso país, o pleno do Senado en 2013, na súa sesión número 41, aprobou unha moción na que insta ao Goberno á adopción de determinadas medidas para evitar o abuso sexual, especialmente infantil e xuvenil, no deporte, co seguinte texto:

"El Senado insta al Gobierno a:

1. Sensibilizar a los agentes del mundo del deporte del problema y de las diferentes formas de violencia sexual que tienen lugar en el deporte.

2. Implementar estrategias de prevención del abuso sexual infantil y juvenil en las organizaciones deportivas españolas.

3. Impulsar la elaboración y aplicación de códigos éticos y de conducta para los entrenadores y demás personal del ámbito deportivo, tanto si trabajan con adultos como con niños.

4. Poner en marcha, en colaboración con las federaciones deportivas españolas, cursos de formación destinados a entrenadores y personal del ámbito deportivo para prevenir y detectar los casos de abusos sexuales."

Conforme a estas recomendacións e sabedora da relevancia desta problemática, a Federación Española de Pelota aprobou un protocolo de prevención do abuso e o acoso sexual.

Seguindo estas orientacións, a Federación Galega de Pelota aproba o presente protocolo por considerar que é un instrumento moi eficaz na prevención, detección e intervención en situacións de risco ante acosos e abusos sexuais, que permitirá actuar de forma responsable e eficaz impulsando unha serie de medidas de diversa natureza dirixidas a sensibilizar ao entorno deportivo, así como a previr, detectar e evitar tales situacións.

Así mesmo, a FGPelota está igualmente comprometida co cumprimento en materia de igualdade e non discriminación por razón ou condición algunha, tendo subscrito compromisos de actuación nesta materia coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. Por iso, faise tamén indispensable arbitrar mecanismos para evitar que condutas tales como o acoso laboral, psicolóxico ou moral e a discriminación poidan producirse no ámbito das relacións laborais e/ou profesionais ou educativas que realiza a Federación. A FGPelota, neste sentido, establece mecanismos sinxelos e eficaces na loita ante as ditas situacións, así como, disporá de canles de



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgapelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



denuncia para a comunicación destas posibles condutas e, por tanto, para a protección de todas as Persoas Vinculadas.

Este Protocolo ten a finalidade de garantir o respecto a varios principios de carácter constitucional como "a dignidade da persoa", a "igualdade" no trato, a "integridade física e moral", o "dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe", así como á libre "elección de profesión ou oficio".

Concretamente, pretende garantir que o comportamento de todas as Persoas Vinculadas está aliñado cos Principios e Valores da nosa entidade e coa defensa e respecto de todos os dereitos anteriormente mencionados.

Ámbito de aplicación

O presente Protocolo é de aplicación a todas as Persoas Vinculadas á Federación Galega de Pelota (atletas, adestradores, xuíces, profesionais médicos e de fisioterapia, directivos, empregados e colaboradores, e membros de calquera órgano federativo previstos nos Estatutos).

Así mesmo, diríxese tanto a persoas menores de idade como a adultos, contemplando para iso procedementos diferenciados en cada caso, xa que se ten en conta a especial condición de vulnerabilidade dos menores (nenos, nenas e adolescentes). Os menores de idade poden estar expostos a un maior risco de ser manipulados e coaccionados por parte do/os agresor/es e presentan maiores dificultades cós adultos para revelar tales situacións, sobre todo se son exercidas por persoas cun ascendente de autoridade (real ou percibida) sobre eles e/ou coa que manteñen unha ligazón emocional.

Obxectivos

- Previr posibles situacións de acoso e abuso sexual entre profesionais e atletas federados e/ou entre/cara a calquera Persoa Vinculada á Federación Galega de Pelota con especial foco sobre os menores de idade, que, tal e como se detallou anteriormente, están máis expostos a estas execrables condutas;
- Previr posibles situacións de acoso laboral, psicolóxico ou moral e/ou condutas discriminatorias respecto de todas as Persoas Vinculadas á FGPelota;
- Promover un contexto laboral e social de rexeitamento e unha adecuada resposta ante calquera modalidade de abuso sexual, acoso sexual, acoso laboral psicolóxico ou moral e/ou discriminación respecto de todas as Persoas Vinculadas á FGPelota.
- Elaborar estratexias de sensibilización.
- Crear circuítos áxiles de intervención.
- Definir os roles e responsabilidades dos distintos axentes.



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgalpelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



- Garantir a seguridade, a integridade, a confidencialidade e a dignidade das persoas afectadas.

Definicións

Abusos sexuais: Calquera acto non violento e sen que medie consentimento ou con consentimento viciado (menores de 16 anos en todo caso) que sexan atentatorios contra a liberdade e/ou indemnidade sexual.

Entre outros comportamentos, poden constituír un delito de abuso sexual, os seguintes:

Tocamentos; Acceso carnal; Incitar a un menor a presenciar contido sexual (adulto espido ou mantendo relacións sexuais, incitar visionado de material pornográfico e/ou contido sexual); Contactar a través de internet ou por calquera outra tecnoloxía co obxectivo de manter un encontro de natureza sexual cun menor; Contactar por internet ou calquera outra tecnoloxía da información para engaiolar a un menor para que lle facilite contido pornográfico ou imaxes pornográficas nas que apareza ou se represente a un menor.

O Código Penal tipifica estas e outras condutas nos seus artigos 181 a 183.

Acoso sexual: Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, degradante o u ofensivo. Aínda máis cando existe unha relación de superioridade laboral, docente ou xerárquica ou cando se realiza fronte a persoas especialmente vulnerables por razón de idade, enfermidade ou situación persoal.

Entre outros comportamentos, poden constituír un delito de abuso sexual, os seguintes:

Insinuacións sexuais molestas, proposicións ou presión para a actividade sexual; insistencia para participar en actividades sociais cando quen sexa obxecto da mesma deixe claro que lle é molesta e inoportuna, flirteos ofensivos; comentarios insinuantes, indirectas ou comentarios obscenos; chamadas telefónicas indeseadas; bromas ou comentarios obscenos; bromas ou comentarios sobre a aparencia sexual.

Exhibición de fotos sexualmente suxestivas ou pornográficas (a maiores de 16 anos, a menores con idade inferior a 16 anos, considérase abuso sexual), de obxectos ou escritos, miradas impúdicas, asubíos ou xestos impúdicos, cartas, mensaxes ou correos electrónicos de contido sexual ou ofensivo.

Contacto físico deliberado e non solicitado, abrazos ou bicos non desexados, achegamento físico excesivo e/ou innecesario.

O Código penal tipifica os delitos de acoso sexual no seu artigo número 184.

Acoso por razón de sexo e /ou orientación sexual: Comportamentos realizados en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade ou de crear entornos intimidatorios, degradantes ou ofensivos. Por iso, considérase acoso por razón de sexo ou orientación sexual toda conduta xestual, verbal, comportamento ou actitude realizada tanto



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgapelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



por superiores xerárquicos como por compañeiros ou inferiores xerárquicos, que ten relación ou causa n os estereotipos de x énero ou a orientación sexual, que atenta pola súa repetición ou sistematización contra a dignidade e a integridade física, psíquica ou moral, que se produce no marco da organización e dirección empresarial, degradando as condicións de traballo da persoa que o sofre e podendo poñer en perigo o seu emprego, especialmente en relación co acoso por razón de sexo, cando estas condutas se atopen relacionadas con maternidade, paternidade ou a asunción doutros coidados familiares.

Entre outros comportamentos poden constituílo:

Descualificacións públicas e reiteradas sobre a persoa e o seu traballo en relación co seu sexo e/ou orientación sexual; Comentarios continuos e vexatorios sobre o aspecto físico, a ideoloxía ou a opción sexual.

Estes delitos están tipificados no artigo 173 do Código penal.

Acoso psicolóxico e moral: Exposición a condutas de violencia psicolóxica intensa, dirixidas de forma reiterada e prolongada no tempo cara a unha ou máis persoas, por parte doutra/s que actúan fronte a aquela/s desde unha postura de poder, co propósito de crear un entorno hostil ou humillante que perturbe a vida laboral da vítima.

Entre outros comportamentos poden constituílo:

Actuacións que persigan reducir as posibilidades da vítima de comunicarse de forma adecuada con terceiros, entre as que se inclúen actitudes como: ignorar a presenza da vítima, criticar de maneira sistemática e inxustificada os traballos que desenvolve, criticar a súa vida privada ou xulgar as súas decisións de forma ofensiva; Ataques ás relacións sociais da vítima con illamento social; restrición aos compañeiros da posibilidade de falar coa vítima; asignación de postos de traballo que impliquen illamento; Violencia física: ameazas de violencia física; uso de violencia menor; Agresións verbais: gritos, insultos, vexacións; Deixar ao traballador sen ocupación efectiva; Ditar ordes de imposible cumprimento; Asignación de tarefas inútiles e/ou improdutivas; Represalias por exposición de queixas, denuncias, etc; Reprender un/ha traballador/a reiteradamente diante doutras persoas;

Estas condutas poden ser cualificadas como delitos do artigo 172 do Código penal.

Prácticas discriminatorias: Establecer condicións laborais e/ou profesionais por criterios non obxectivos como, por exemplo, razóns ideolóxicas, relixión, crenzas, pertenza a unha etnia, raza ou nación, por sexo o u orientación sexual, pola situación familiar ou persoal, por enfermidade ou minusvalía, por ostentar a representación legal ou sindical dos compañeiros, etc.

Estas condutas poden ser cualificadas como un delito do artigo 314 do Código penal.

Medidas de prevención

A Federación Galega de Pelota difundirá de maneira oportuna o contido do presente Protocolo.

Adicionalmente, establecerá as seguintes medidas preventivas:



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgalpelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



ESPAZOS	ACTIVIDADE	ACCÍONS PREVENTIVAS
Despachos	<ul style="list-style-type: none">• Reunións entre técnicos.• Reunións con deportistas.• Reunións con outros adultos (pais, nais, xuíces, adestradores...)	<ul style="list-style-type: none">• Non pechar con chave os despachos durante o seu uso.• Controlar mediante un rexistro o uso do despacho, no que constará o horario e as persoas que acceden a el.
Cuartos	<ul style="list-style-type: none">• Lugar de descanso e pernocta durante unha concentración.	<ul style="list-style-type: none">• Os menores de idade deben estar separados do resto de deportistas.• Os cuartos dos menores serán dobres.• Controlar as visitas polo responsable de concentración.• Prohibir compartir cuarto adultos e menores de idade.
Ruta e Campo	<ul style="list-style-type: none">• Adestramentos no exterior	<ul style="list-style-type: none">• Adestrar por zonas habitadas• No caso de zonas boscosas ou campo a través, ir acompañado de varias persoas.
Calquera	<ul style="list-style-type: none">• Desprazamentos de menores a eventos ou competicións	<ul style="list-style-type: none">• En todo momento os menores deberán ir acompañados dun responsable de equipo.

Certificado de antecedentes por delitos sexuais

A, en cumprimento do seu deber de dilixencia, recaba de todos aqueles empregados ou colaboradores que prestan os seus servizos con menores de idade, o correspondente Certificado acreditativo de inexistencia de antecedentes penais pola comisión de delitos sexuais. Este certificado debe ser entregado con carácter previo ao inicio da relación laboral ou de colaboración de cada persoa ao Secretario Xeral.

Procedemento de actuación fronte ao abuso sexual, acoso sexual, acoso por razón de sexo ou orientación sexual, acoso psicolóxico e moral e/ou prácticas discriminatorias.

A detección destas condutas consiste en saber recoñecer e/ou identificar tales situacións. Por tanto, a detección é a primeira condición para poder intervir nestes casos e posibilitar así a axuda á vítima que sufra este problema. Debe ser o máis rápida posible para evitar a gravidade das posibles consecuencias e incrementar as posibilidades de éxito da intervención, tratar as posibles secuelas, previr a repetición ou reiteración da conduta, etc.



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgapelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



Para iso, o presidente da FGPelota nomeou:

- Un delegado de Protección: o propio presidente D. JOSE IGNACIO GARCÍA CASTRO.
- Un Comité Asesor, integrado polo Vicepresidente D. IAGO MARTÍNEZ LAFUENTE e outros dous membros da Xunta Directiva da Federación que son: a Vicepresidenta Dna. M^a LORENA MARTÍNEZ SANTOS e a vogal Dna. SONIA PRADO GONZÁLEZ.

Iniciación do procedemento

O procedemento iníciase coa comunicación verbal ou escrita formulada pola vítima, o seu representante legal, ou calquera persoa que teña coñecemento da situación. Se a comunicación se formulase verbalmente, procurárase, sempre que sexa posible, a súa ratificación posterior por escrito. Tamén se poderá iniciar cando o delegado de Protección teña coñecemento de posibles condutas que se preveñan n este Protocolo.

Para facilitar a dita comunicación a Federación dispón da seguinte conta de correo electrónico: canledenunciafgpelota@gmail.com. Esta conta de correo electrónico é xestionada polo delegado de Protección, quen recabará a maior información posible para poder efectuar unha primeira valoración. Para tal efecto, o delegado de Protección entrevistará as persoas afectadas - denunciante, denunciado/a, presunta vítima e as testemuñas e outras persoas de interese, se as houbese.

Dentro do prazo de 10 días naturais dende o coñecemento dos feitos, o delegado de Protección deberá elaborar un informe coa súa correspondente valoración e proposta de actuacións e remitilo ao Comité Asesor.

A investigación deberá realizarse de acordo cos principios contidos no Protocolo de Posta en Coñecemento.

Reunión do Comité Asesor

O Comité Asesor deberá reunirse con carácter urxente para valorar o informe e proposta do delegado de Protección, quen asistirá á reunión do Comité con voz, pero sen voto.

O Comité Asesor adoptará algunha das seguintes decisións no prazo máximo de cinco días hábiles:

a) Arquivar o caso por considerar que non existiu a conduta.

b) Se do informe puidesen derivarse indicios de condutas contrarias a este Protocolo, pero non suficientes para determinar a súa existencia, acordará continuar o procedemento, designando, como instrutor/a, a un/ha dos seus membros, quen deberá realizar as actuacións pertinentes para recabar a posible información complementaria que poida existir e determinarse se aprecian ou non indicios suficientes de condutas contrarias ao presente Protocolo.



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgapelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



c) Ao finalizar a dita investigación, o/a instrutor/a elaborará un informe que presentará ao Comité dentro do prazo de cinco días hábiles.

d) En caso de que o Comité Asesor concluíse a existencia dunha posible conduta atentatoria contra este Protocolo, adoptará algunha/s das seguintes medidas:

- Acompañamento, apoio e asesoramento á persoa afectada;
- Comunicación ao Xulgado de Garda ou á Fiscalía do presunto acoso ou abuso sexual en caso de menores;
- No seu caso, prohibición de entrada nas instalacións adscritas á Federación;
- Calquera outra que, de acordo coa lexislación vixente, puidese ser de aplicación;
- En caso de empregados da FGPelota poderase proceder ao despedimento disciplinario da persoa que se determinase como autora de condutas contrarias a este Protocolo.

En calquera caso, a vítima poderá exercer as actuacións pertinentes en defensa dos seus dereitos.

Procedemento de actuación en caso de abusos sexuais sobre menores

De se recibir comunicación ou denuncia no seo da FGPelota, ben sexa a través do delegado de Protección ou por calquera outra vía, en relación a unha posible conduta de acoso ou abuso sexual sobre menores, esta deberá ser investigada, á maior brevidade posible, por parte do delegado de Protección atendendo aos principios contidos no Protocolo de Posta en Coñecemento (confidencialidade, protección da intimidade e dignidade das posibles vítimas ou presuntos implicados, investigación exhaustiva dos feitos, garantía de actuación adoptando as medidas necesarias -incluídas as disciplinarias- e indemnidade fronte a represalias).

Por iso, nun primeiro momento citarase a declarar aos pais ou titores dos menores sobre a presunta situación de acoso ou abuso sexual para recabar todos os detalles necesarios para o correcto desenvolvemento da investigación; posteriormente, e cando os feitos descritos sexan indiciariamente constitutivos dun presunto delito de acoso ou abuso sexual, deberase citar ao presunto autor do feito para lle comunicar a apertura da investigación e recabar a súa versión dos feitos; seguidamente, citarase a declarar ás testemuñas da situación denunciada (se os houbese).

En atención ao declarado polas persoas intervinientes na investigación e, sempre que os feitos descritos teñan a xuízo do Comité Asesor indicios claros e suficientes para ser considerados constitutivos de delito (tras a emisión do correspondente Informe), a FGPelota, a través do seu presidente deberá poñer os feitos e o resultado da investigación realizada en coñecemento da Fiscalía de Menores para que continúe cos trámites necesarios para a investigación, e no seu caso, apertura do procedemento xudicial que corresponda.



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

Complexo Deportivo Elviña

Praza Agustín Díaz 1, Local 21, 15008 A CORUÑA

Tfno.: 650 955 255 / E-mail: fgapelota@gmail.com

C.I.F. G-15067002 / www.fgalpelota.es



En todo caso, a FGPelota levará a cabo todas aquelas actuacións necesarias para a defensa e protección dos afectados.

Avaliación, seguimento do Protocolo

Con carácter anual, o Comité Asesor realizará unha avaliación da adecuación do Protocolo ás necesidades para as que foi creado e, no seu caso, levará a cabo as modificacións oportunas.

Para efectuar a avaliación do funcionamento do Protocolo celebrarase, polo menos, unha sesión anual. A sesión será convocada polo presidente do mencionado Comité, debendo asistir á mesma o delegado de Protección.

No caso de se realizar modificacións ao Protocolo, estas deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral.

Réxime sancionador

Vinculado ao compromiso da FGPelota coa protección dos Dereitos Fundamentais que se describen no presente Protocolo, a realización de calquera conduta por parte de Persoas Vinculadas en contra do disposto, orixinará as oportunas consecuencias disciplinarias deportivas ou laborais.